



Nado en Cangas do Morrazo en 1981, **Elías Portela** é poeta e tradutor en galego, islandés e castelán. Traballa co seu alter-ego islandés –Elías Knörr– a modo de autor creacionista, e, a través del, foi escollido un dos tres poetas máis representativos da lírica actual daquel país nórdico pola prestixiosa revista UK Poetry Review, así como presentado pola plataforma oficial MarcaEspaña.es. É autor de: *Imaxes na Pel* (2009), *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido* (finalista do Premio Ánxel Casal ao mellor libro de poesía, 2011), *Cos Peitos Desenchufados* (Premio Xohán de Cangas, 2010) e *Bazar de traidores* (2015; 2016), que recibiu o XII Premio de Poesía Afundación no 2014. Conta tamén con dous libros publicados en islandés: *Sjóarinn með Morgunhestana undir Kjólnum* (2010) e *Greitt í liljum* (2016).

Ten participado en festivais internacionais en Alemaña, Valencia, México e Islandia, e é performer asiduo da Cidade Literaria da UNESCO así como do proxecto The Poetry Brothel (O bordel poético), ambos en Islandia. Protagonizou xunto con Erin Moure e Iolanda Zúñiga o filme *ContraFACES*, de A*Sombra Producións, compoñendo tamén parte da banda sonora.

Ademais, fixo parte de diversas antoloxías e ten traducido do islandés a obra de destacados autores como Sjón, Auður Ava, Kristín Ómarsdóttir ou Einar Már Guðmundsson, xunto algúns textos medievais. Portela adapta nos seus textos imaxes e conceptos poéticos doutros idiomas, entre eles unha lingua artificial propia: Lwyma.

Esta noite foi a fin do mundo

*Pola mañá
espertei con madeira
varada no ollo dereito*

(ELÍAS PORTELA)

Luns **10** de abril
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2017



Sjón





Sjón naceu en Reikiavik en 1962, e é hoxe un renomeado autor islandés cuxos libros teñen visto a luz traducidos ata en trinta e cinco idiomas. Pola súa novela *O raposo azul* gañou o prestixiosísimo Premio Literario do Consello Nórdico (algo así coma o Cervantes das letras nórdicas) mentres que a súa obra *Dende a boca da balea* foi nomeada tanto para o IMPAC Dublin Literary Award como para o Independent Foreign Fiction Prize. A súa última novela, *Fel-despato: O rapaz que nunca foi*, foi galardoada co Premio Literario Islandés en 2013.

Pero Sjón é tamén poeta, libretista e autor de letras de cancións. Neste sentido, o seu debut poético chegou en 1978 da man de *Sýnir [Visións]* (1978) e, entre o resto dos seus nove libros de poesía e varias antoloxías persoais, encóntranse títulos como *Madonna* (1979), *Birgitta* (1979), *Reiðhjól blinda mannsins [A bicicleta do home cego]* (1982), *Sjónhverfingabókin [O libro das ilusións]* (1982), *Leikfangakastalar [Castelos de xoguete]* (1986), *Drengurinn með röntgenaugun [O rapaz cos ollos de Raios X, poemas de 1978 a 1986]* (1986), *Ég man ekki eitthvað um skýin [Hai algo sobre as nubes que non podo lembrar]* (1991), *myrkar fígúrir [figuras obscuras]* (1998) ou *söngur steinasafnarans [a canción do coleccionista de pedras]* (2007). Moi envolvido na escena musical do seu país, escribiu tamén catro libretos operísticos e letras para diversos artistas, entre eles a súa paisana Björk, coa que compartiu proxecto en The Sugarcubes. De feito, no ano 2001 estivo nomeado a un Óscar da Academia e mais a un Globo de Ouro polas súas letras no filme *Dancer in the dark*, de Lars von Trier.

TRABALLO NOCTURNO

*mentres voábamos sobre o golfo pérsico
a lúa montou no avión*

*vina dende o meu asento da xanela
reflectida sobre a branca á*

*un intre máis tarde o seu brillo esvaecera
e o metal soldado tamén*

*

*Esta historia é unha das mil e unha
que me teño que apurar a anotar antes de que*

*eu mesmo desapareza nunha noite na que un luar
e unha branca á esvaecentes agarden por min*



Poetas Di(n)versos 2017



Elías Portela

